

PAU 2025
CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA
CRITERIOS DE AVALIACIÓN

HISTORIA DE ESPAÑA
(Cód. 03)

Pregunta 1. Reflexión crítica de fontes de información (2,5 puntos)

A Ilustración en España.

Identificación das informacións erróneas (ata 0,5 puntos):

Erro 1:

[...] A liberalización do comercio con América, ao acabar co monopolio español e permitir as viaxes desde os principais portos europeos.

Erro 2:

[...] As Sociedades Económicas de Amigos do País, destinadas a facilitar o acceso á ensinanza universitaria a mozos con escasos recursos.

Explicar os erros detectados (ata 1,5 puntos):

Argumentos explicativos do erro 1:

A liberalización non rematou co monopolio colonial español xa que non afectou aos portos europeos, que seguiron tendo vetado o comercio con América.

Tanto o decreto de libre comercio de 1765 como o Regulamento de Libre Comercio de 1778 o que ampliaron foi o número de portos españois e americanos autorizados a comerciar directamente, fronte ao anterior monopolio de Cádiz.

Con todo, a liberalización provocou un gran incremento das importacións americanas e o desenvolvemento dos portos favorecidos pola autorización (por exemplo o da Coruña).

O alumnado obterá a máxima puntuación neste apartado se cita varios argumentos e/ou desenvolve con certa profundidade un deles.

Argumentos explicativos do erro 2:

As Sociedades Económicas de Amigos del País tiñan como principal obxectivo o fomento da economía e a difusión das ideas ilustradas, e aínda que as Sociedades impulsaron os estudos científicos e procuraron o fomento da educación, o seu fin non foi facilitar o acceso á ensinanza universitaria a mozos con escasos recursos.

Os ilustrados consideraban que a educación debía ser distinta segundo a clase social.

No caso dos grupos populares a súa labor educativa foi utilitarista, orientada á ensinanza técnica de artesáns e campesiños nas súas provincias.

O alumnado obterá a máxima puntuación neste apartado se cita varios argumentos e/ou desenvolve con certa profundidade un deles.

Ademais das opcións propostas, valorarase positivamente calquera outra coherentemente razoada e axustada ao contido da pregunta.

Redacción correcta dos erros (ata 0,5 puntos):

Erro 1:

Entre as principais medidas adoptadas no seu reinado destaca a liberalización do comercio con América, ao autorizar a outros portos españois o comercio directo coas colonias.

Erro 2:

Destaca a creación das Sociedades Económicas de Amigos do País, destinadas ao fomento da economía e o apoio á educación.

Ademais das opcións propostas, valorara positivamente calquera outra coherentemente redactada que se axuste a algún dos argumentos dados polo alumnado no apartado anterior.

Pregunta 2. Análise comparativa (2,5 puntos)

2.1. Comparar as características dos partidos Conservador e Liberal durante a Restauración:

Moi deficiente (0)	Resposta en branco o sen relación coa materia da pregunta
Deficiente (entre 0,1 e 0,5)	Resposta confusa, que revela a incompreensión da pregunta Texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas.
Insuficiente (entre 0,6 e 1,24)	Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos Redacción moi simple
Aprobado (entre 1,25 e 1,74)	Resposta na que se indican algunhas semellanzas ou diferenzas básicas. A saber: -Ambos partidos sostiñan o sistema de quenda polo que se alternaban no poder. -Conservadores e liberais mantiñan un sistema electoral caracterizado pola corrupción e o caciquismo. -Os dous partidos coincidían na defensa da monarquía, da propiedade privada e do Estado unitario. -Os conservadores defendían o sufraxio censatario, mentres os liberais eran partidarios do sufraxio universal. -Os conservadores pretendían limitar as liberdades individuais e colectivas, mentres os liberais aspiraban á súa ampliación. -Os conservadores defendían un estado confesional e apoiaban á Igrexa, mentres os liberais eran partidarios de limitar os seus privilexios. -Os conservadores estaban apoiados polas clases altas, mentres os liberais acadaban os seus principais apoios entre as clases medias e representan ao sector reformista da Restauración. Texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple
Notable (entre 1,75 e 2,24)	Resposta na que se indican semellanzas ou diferenzas básicas e se explica con certa profundidade polo menos UNHA delas. Redacción correcta
Sobresaliente (entre 2,25 e 2,50)	Resposta que ademais de indicar as semellanzas ou diferenzas básicas, explica con certa profundidade polo menos DÚAS delas. Redacción correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado

Para a obtención da máxima puntuación nesta pregunta, o alumnado debe redactar a resposta como unha comparación (independentemente da súa estrutura) non como unha pregunta tema tradicional.

2.2. Comparar as formas de oposición desenvolvidas polos maquis e polo movemento obreiro durante a ditadura franquista:

Moi deficiente (0)	Resposta en branco o sen relación coa materia da pregunta
Deficiente (entre 0,1 e 0,5)	Resposta confusa, que revela a incompreensión da pregunta Texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas.
Insuficiente (entre 0,6 e 1,24)	Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos Redacción moi simple
Aprobado (entre 1,25 e 1,74)	Resposta na que se indican algunhas semellanzas ou diferenzas básicas. A saber: -Ambos movementos intentaban desestabilizar ao franquismo desde a clandestinidade. -Tanto os maquis como o movemento obreiro estaban formados por integrantes das organizacións opositoras ao réxime (comunistas, socialistas, anarquistas, republicanos) -As dúas formas de oposición tiveron que facer fronte a unha forte represión. -Os maquis levaban a cabo accións de guerrilla armada, mentres o movemento obreiro recorría ás folgas. -Os maquis actuaban sobre todo nas zonas rurais e montañosas, mentres o movemento obreiro tiña forza nas cidades das rexións industriais. -A dos maquis foi unha oposición inicial, características dos primeiros anos 40, mentres o movemento obreiro desenvolveuse nunha segunda etapa, a partir dos anos 50 e sobre todo nos 60. -Os maquis foron a continuidade da resistencia republicana durante a Guerra Civil na posguerra mentres que o movemento obreiro simbolizou unha forma de loita social e política adaptada á evolución da sociedade franquista. -Os maquis abandonaron a loita armada (ou foron desmantelados) no inicio da década dos 50 mentres o movemento obreiro continuou coa súa oposición ata o final do réxime franquista. Texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple
Notable (entre 1,75 e 2,24)	Resposta na que se indican semellanzas ou diferenzas básicas e se explica con certa profundidade polo menos UNHA delas. Redacción correcta
Sobresaliente (entre 2,25 e 2,50)	Resposta que ademais de indicar semellanzas ou diferenzas básicas, explica con certa profundidade polo menos DÚAS delas. Redacción correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado

Para a obtención da máxima puntuación nesta pregunta, o alumnado debe redactar a resposta como unha comparación (independentemente da súa estrutura) non como unha pregunta tema tradicional.

3. Comentario de texto histórico (ata 2,5 puntos)

3.1. Manifesto dos Persas (1814):

Identificación do tema (entre 0 e 0,5)	-Distinción xenérica do asunto tratado no texto: ata 0,25. O texto é unha defensa do absolutismo e da restauración do Antigo Réxime. -Indicación precisa do asunto tratado no texto: ata 0,5 O texto critica as medidas liberais decretadas polas Cortes de Cádiz e solicita a abolición da Constitución de 1812.
Contextualización do documento (entre 0 e 0,5)	-Situar na súa etapa histórica: ata 0,2 Reinado de Fernando VII -Etapa histórica+cronoloxía precisa: ata 0,3 Inicio do Sexenio Absolutista do reinado de Fernando VII (1814-1820) -Etapa histórica+cronoloxía precisa+ autoría ou intencionalidade (segundo o caso): ata 0,5 Inicio do Sexenio Absolutista do reinado de Fernando VII (1814-1820). A autoría do texto corresponde a un grupo de deputados absolutistas que formaron parte das Cortes de Cádiz e que pretenden o non recoñecemento da constitución de 1812 para restablecer o sistema absolutista.
Comentario do proceso histórico // tema (entre 0 e 1,5 puntos)	-Resposta básica: ata 0,5 Explicación xenérica do regreso de Fernando VII e o restablecemento do absolutismo abolindo a obra das Cortes de Cádiz -Resposta que demostra o coñecemento do tema: ata 1 Explicar os factores que favoreceron o restablecemento do absolutismo por parte de Fernando VII ao seu regreso a España -Resposta con precisións e aclaracións: ata 1,5 Ademais do esixido no punto anterior, incidir nalgúñas das medidas desenvolvidas durante o Sexenio absolutista que conlevaron a restauración da monarquía absoluta/facer referencia ao Decreto de derogación da Constitución de Cádiz/ afondar na análise e uso do documento.

3.2. Declaración ao país efectuada pola Xunta de Defensa Nacional (1936):

Identificación do tema (entre 0 e 0,5)	-Distinción xenérica do asunto tratado no texto: ata 0,25. Texto xustificativo do levantamento militar de 1936 -Indicación precisa do asunto tratado no texto: ata 0,5 Os militares sublevados, constituídos en Xunta de Defensa Nacional, especifican as causas e os obxectivos do levantamento.
Contextualización do documento (entre 0 e 0,5)	-Situar na súa etapa histórica: ata 0,2 Guerra civil -Etapa histórica+cronoloxía precisa: ata 0,3 Guerra civil (1936-1939)

	-Etapa histórica+cronoloxía precisa+ autoría ou intencionalidade (segundo o caso): ata 0,5 Inicio da guerra civil. A autoría do texto corresponde á Xunta de Defensa Nacional, institución creada para organizar o territorio baixo control dos sublevados. A intención do texto é xustificar a participación do exército no golpe de Estado contra o goberno republicano.
Comentario do proceso histórico // tema (entre 0 e 1,5 puntos)	-Resposta básica: ata 0,5 Citar os principais factores que motivaron o levantamento militar de xullo de 1936. -Resposta que demostra o coñecemento do tema: ata 1 Comentar o proceso de sublevación, o papel xogado polo exército de África na mesma e o ideario e obxectivos dos sublevados. -Resposta con precisións e aclaracións: ata 1,5 Incidir nos precedentes da sublevación (crise económica, violencia social, polarización política...)/referenciar o papel xogado polos principais xefes militares implicados na sublevación (Mola, Sanjurjo/Franco)/afondar na análise e uso do documento.

4. Comentario de táboas de datos (2,5 puntos)

4.1. Valores das exportacións mineiras e metalúrxicas españolas (en miles de pesetas):

Análise dos datos (entre 0 e 1)	-Identificación do período cronolóxico, ámbito xeográfico e idea principal que reflicte o documento: ata 0,25 Evolución do valor das exportacións mineiras e metalúrxicas no conxunto das exportacións españolas durante a segunda metade do século XIX. -Identificación da idea principal + análise dos períodos/asuntos que se poden distinguir, así como a relación entre eles e, de ser o caso, a evolución dos datos: ata 0, 5 Obsérvase que o maior incremento das exportacións mineiras e metalúrxicas ten lugar nos anos 70, etapa na que o volume se triplica con respecto ás cifras da década dos 50. -Identificación da idea principal + exame dos distintos apartados + valoración dos datos: ata 1 Ademais do sinalado no apartado anterior, sinálase o limitado incremento porcentual da produción mineiro-metalúrxica entre 1859 e 1868 no total das exportacións españolas. Ademais do sinalado no apartado anterior, conclúese a pouca relevancia dos produtos industriais no conxunto das exportacións españolas o que proba a escasa industrialización do país no s. XIX.
Explicación do contido (entre 0 e 1,5)	-Indicar e explicar de forma xenérica o contexto histórico do documento obxecto de comentario: ata 0,5 puntos

	-Mención xenérica aos inicios da industrialización en España, facendo fincapé no caso da minería e a siderurxia. -Afondar na explicación do tema (comentario das causas, obxectivos, posibles dificultades, acontecementos históricos directamente relacionados co mesmo, consecuencias...): ata 1 punto. Explicación das características concretas da produción mineira e da industria siderúrxica española no s.XIX: dificultades, zonas de produción e/ou focos industriais, medidas lexislativas, etc., relacionando eses contidos cos datos observados na táboa.
--	---

4.2.Distribución da poboación activa masculina por sectores (en porcentaxes):

Análise dos datos (entre 0 e 1)	-Identificación do período cronolóxico, ámbito xeográfico e idea principal que reflicte o documento: ata 0,25 Transformación da estrutura da poboación activa masculina en España na segunda metade do s.XX. -Identificación da idea principal + análise dos períodos/asuntos que se poden distinguir, así como a relación entre eles e, de ser o caso, a evolución dos datos: ata 0, 5 Redución progresiva do peso do sector agrario e incremento da importancia da poboación dedicada á industria e o sector terciario, sobre todo a partir de 1970. -Identificación da idea principal + exame dos distintos apartados + valoración dos datos: ata 1 Ademais do sinalado no apartado anterior, valórase a mudanza experimentada pola economía española durante o franquismo desde unha economía de base agraria a unha dominada polo sector terciario.
Explicación do contido (entre 0 e 1,5)	-Indicar e explicar de forma xenérica o contexto histórico do documento obxecto de comentario: ata 0,5 puntos Mención xenérica á evolución da política económica franquista desde os anos 50. -Afondar na explicación do tema (comentario das causas, obxectivos, posibles dificultades, acontecementos históricos directamente relacionados co mesmo, consecuencias...): ata 1 punto. Alusión ás limitacións da agricultura e a industria propias da etapa autárquica e explicación das medidas aplicadas durante o desenvolvementismo no que se refire á industria e ao turismo e as súas consecuencias, as cales permitiron a modernización da economía española.

A coherencia, a cohesión, a corrección gramatical, léxica e ortográfica dos textos producidos, así como a súa presentación, poderán ser consideradas, de forma global, ata un máximo de 1 punto.